

Teoría PASS

A Teoría PASS foi formulada por Das, Naglieri e Kirby de la Universidad de Alberta (Canadá) en 1994. Enmarcase dentro do Modelo Cognitivo polo que supón un cambio no concepto de intelixencia. Xa non é considerada como algo estático e reducida a un cociente, a un número, senón que pasa a entenderse como o procedemento que utilizamos para resolver os problemas.

Parte do suposto de que cada quen procesa a información á súa maneira. E esta maneira, en boa parte aprendida, é a responsable dos resultados, ou sexa das respostas.

Como non se trata de capacidade, xa que a cuestión está centrada no proceso, utilizar outra estratexia podería levarnos a resultados mellores.

Describe catro procesos cognitivos que actúan de forma interaccionada:

1. Planificación.

A Planificación proporciona ao individuo os medios para utilizar eficientemente o procesamento Simultáneo e o Secuencial nas tarefas que están no foco da Atención, avaliando e readaptando todo o proceso xeral.

É un proceso mental polo cal o individuo determina, selecciona, aplica e avalía posibles solucións aos problemas para os cales non hai un método ou solución inmediatamente aparente. Aplícase tanto a tarefas complexas como sinxelas e debe englobar procesos atencionais, simultáneos e sucesivos.

Requírese cando a persoa toma unha decisión para resolver un problema, para levar a termo unha actividade ou para saber qué dicir en determinadas situacións. Utilízase para resolver problemas, desenvolver plans, controlar e regular o proceso de resolución, cambiar de estratexias, se é preciso, e valorar se se acadou ou non o obxectivo.

Cando existe un baixo nivel de Planificación pode haber dificultades para organizarse, na toma de decisións á hora de completar unha tarefa, problemas co autocontrol, fallos á hora de regular a eficacia das accións...

O proceso cognitivo de Planificación será a base da toma de decisións. Pero a Planificación non é unicamente un acto cognitivo, e as veces non se pon en marcha por un bloqueo emocional.

2. Atención

É o proceso cognitivo que nos permite captar a información que é importante e mantela mentres sexa necesario para que os outros procesos cognitivos a poidan procesar.

É un proceso mental polo que o individuo céntrase selectivamente nun estímulo mentres ignora outros non relevantes. Debe ser focalizada, selectiva e sostida.

A focalización da atención implica concentración nunha actividade particular.

A atención selectiva demanda a inhibición de respostas ante algúns estímulos a favor doutros máis relevantes.

A atención sostida refírese á variación da actuación ao longo do tempo e que pode estar influenciada pola cantidade de esforzo requirido para resolver a tarefa.

3. Simultáneo

O procesamento simultáneo é un proceso mental polo que o individuo integra estímulos separados nunha totalidade ou grupo. A esencia do procesamento simultáneo é que a persoa debe interrelacionar os elementos do estímulo nunha totalidade perceptiva ou conceptual. Ten uns fortes compoñentes espaciais e lóxico-gramaticais.

Falamos de procesamento simultáneo cando o individuo procesa a información dunha maneira global, holística, visual, dando sentido ao todo e non ás partes. Un procesamento simultáneo ten lugar cando miramos un cadro e o contemplamos na súa totalidade, integrando todas as súas relacións espaciais, ou cando escoitamos unha orquestra e percibimos tódolos ritmos, timbres e tons integrados no produto musical obxecto da nosa atención. No campo educativo, son exemplos de tarefas relacionadas co procesamento simultáneo: a aprendizaxe da forma das letras e dos números, entender as ideas centrais dunha historia, comprender parágrafos difíciles e as habilidades para utilizar diagramas e esquemas.

4. Secuencial.

O procesamento secuencial é o que implica secuencialidade, temporalidade, o que dá sentido ás partes e non ao todo. É un proceso mental polo cal se integran os estímulos nunha orde específica que forma unha progresión en cadea. É necesario cando as cousas deben seguir unha a outra nunha orde estritamente definida. Cada elemento está relacionado co que lle precede e estes estímulos non están interrelacionados entre si. Ten fortes compoñentes seriais e sintácticos. Permite apreciar a sucesión de letras dentro da palabra e a sucesión de palabras dentro das oracións. Xoga, por tanto, un importante papel na comprensión da sintaxe, pois require do lector que comprenda a secuencia na que se dispoñen as palabras nunha orde gramaticalmente correcta.

O procesamento secuencial exprésase en actividades como a de memorización de números e palabras, asociación entre letras e os seus sons, a aprendizaxe das regras gramaticais, a cronoloxía de feitos históricos, seguir paso a paso o método científico, habilidades matemáticas e entender as regras de moitos xogos. É o proceso cognitivo necesario cando se fala de aprendizaxes arbitrarias.

A estes procesos súmase a base do coñecemento (formado polas **experiencias e aprendizaxes previas**), o **mundo emocional** e as **motivacións** como elementos de inmersión para que a información sexa procesada.

DN:CAS (Das e Naglieri: Cognitive Avaliation System).

É unha batería que avalía a qué nivel se atopan os catro procesos. Permítenos obter o perfil cognitivo d@ alumn@. (5-17 años).

Ten un gran valor diagnóstico pero ademais oríéntanos para a intervención xa que nos amosa os puntos fortes e febles d@ nen@.

As catro áreas de procesamento das que falamos compoñen as catro Escalas que dan lugar ao CAS. Cada unha delas está integrada por tres subtests (12 en total). Cada subtest ofrece unha puntuación escalar cunha media de 10 e unha desviación típica de 3. A suma das puntuacións escalares dos subtests de cada Escala produce unha puntuación estándar de Escala cunha media de 100 e unha desviación típica de 15.

Entre os resultados obtidos podemos atopar perfís tales como:

- Baixo Simultáneo (Posible sobreprotección)
- Baixo Secuencial (Indicativo de dislexia se a puntuación é de 70 ou menor)
- Perfil N (Problema de base emocional)
- Os catro procesos son superiores a 115 (Sobredotación)
- Os catro procesos son inferiores a 85 (Problema de base neurolóxica)
- Perfil N con Secuencial superior a 115, Planificación e Atención inferiores a 85 (S. de Asperger)
- etc.

No tocante ao proceso de Atención cómpre non confundilo coa conduta de atención. Que un neno non estea atento non significa que o seu proceso cognitivo de Atención non funcione correctamente.

Cando o proceso de Atención está realmente afectado tamén o están os demais procesos (Síndrome de Down, Autismo...)

En Teoría PASS o **Déficit de Atención** considérase como un problema de Planificación. Asímesmo considera que @s nen@s con defecto de atención e hiperactividade e impulsividade son tratables mediante programas de intervención neurocognitiva orientados a adestrar a interiorización de estratexias que facilitan a súa aprendizaxe. Cando reciben a información de maneira satisfactoria para as súas capacidades, deixan de ser hiperactivos e impulsivos o que permite sentar a hipótese segundo a cal a hiperactividade e impulsividade poden ser secundarias ás dificultades cognitivas, aínda que poida existir un terreo predisposto determinado.

INTERVENCIÓN COGNITIVA: PPIC (Programa PASS de Intervención Cognitiva)

O PPIC é a versión informatizada do PREP (Pass Reading Enhancement Program).

Está orientado á mellora das estratexias de procesamento da información, que serven de base na lectura e na aprendizaxe en xeral, mentres que ao mesmo tempo evita o ensino directo e instrutivo das habilidades.

Unha premisa do programa é utilizar o erro como dinamizador da aprendizaxe.

Baséase, asimesmo, na crenza de que a transferencia das aprendizaxes pode ter lugar máis facilmente mediante a experimentación das tarefas e o descubrimento mediado de estratexias.

O profesor actúa de mediador e reforzador positivo. Intervén para axudar a descubrir, interiorizar e transferir novas e mellores estratexias cognitivas para a aprendizaxe, coa conseguinte repercusión emocional.

O seu obxectivo é que @alumn@ viva a experiencia de que hai estratexias que non lle son útiles e que pode cambialas se quere chegar ao obxectivo que se marcou. Axuda a que @alumn@ sexa precursor da súa propia aprendizaxe. Axuda a que o alumnado aprenda a aprender.

INTERVENCIÓN EMOCIONAL: O Modelo Humanista-Estratéxico (Pérez e Timoneda, 1998)

É un modelo de intervención, e tamén de diagnóstico, que se utiliza cun enfoque sistémico.

A Teoría PASS constitúe a súa base teórica e fundaméntase asimesmo no pensamento rogeriano, centrado na persoa, no pensamento ericksoniano e nas técnicas de programación neurolingüística.

Os nosos actos están baseados nas nosas crenzas e ás veces cando poñemos en marcha condutas de defensa (enmascaradoras) estas son froito do malestar inconsciente que sentimos debido á inseguridade que nos xera unha bagaxe de crenzas de identidade moi negativas.

Para a intervención terapéutica manéxanse recursos tales como a comunicación indirecta, as metáforas, a hipnose ericksoniana... buscando acompañar, desculpabilizar, prescribir os síntomas, coñecer cales son as crenzas de identidade (do alumn@, da familia...), encadrar o problema e reencadrarlo cara á solución.

MEDIDAS DE PREVENCIÓN:

- **METACOGNICIÓN**

- Metáfora da mesa:

- Serve para explicar ao alumnado de tódalas idades os procesos cognitivos e que os recoñezan mediante as súas propias vivencias.

- Fundí e o cerebro:

- Fundí é un personaxe animado que se utiliza en Educación Infantil para explicar ao alumnado os catro procesos. Tamén se propoñen actividades didácticas para coñecelos e estimulalos.

- ...

- **COGEST**

O Cogest é un programa que se usa para desenvolver habilidades lectoescritoras e estimular os catro procesos cognitivos.

Está indicado para Educación Infantil, niveis de 4 e 5 anos, pero tamén pode ser utilizado con alumnado que presente dificultades de aprendizaxe.

Máis que unha serie de instrucións e exercicios é o camiño alternativo para a aprendizaxe da lectoescritura e un recurso que favorece o cambio na metodoloxía docente.

A aplicación, preferentemente por parte do/da tutor/a, ten unha duración de dous cursos, a razón de unha ou dúas horas semanais.